Exemplo da obtención das notas na terceira e final sería a seguinte fórmula:
Calculo C.F = [(UD1 x Peso UD1) + (UD2 x Peso UD2) + (UD3 x Peso UD3) + (UD4 x Peso UD4 + (UD5 x Peso UD5)] /100

Se todas as unidades igualan ou superan o 5, a nota final obtida redondearase cara arriba ata o seguinte número enteiro en caso de que a parte decimal sexa igual ou superior a 0,5. En caso contrario, o redondeo realizarase cara abaixo.
Para aprobar/superar o módulo terá que ser CF igual ou superior a 5 e haberá que ter todas as unidades superadas.

Procedemento e criterios de recuperación

1. Conservaranse os trimestres superados de cara á recuperación final. No caso de que non se tivera presentado a ningún exame durante os diferentes trimestres terá que ir o exame completo da materia.
2. Os alumnos con avaliacións pendentes terán que realizar un exame final para superar o módulo cos trimestres non superados ou non presentados en xuño.
3.O número de preguntas relacionadas con cada criterio de avaliación deberase de facer proporcionalmente co número de unidades didácticas a recuperar posto que o tempo para a realización do exame é limitado. Serán preguntas tipo test.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

1. O alumnado con materias pendentes terán a súa disposición un aula virtual onde se lle indicarán as instrucción a seguir para a recuperación trimestre a trimestre da materia que teñan pendente. Este é o primeiro ano de docencia de IPE II polo que nos atoparemos coa situación de que non teremos alumnos neste caso.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Non procede para esta modalidadde. Si debemos sinalar que de non se ter presentado ó longo do curso dito alumnado realizará un examen final con preguntas tipo test no mes de xuño. Como se trata dun exame moito máis longo que os examen ordinarios a súa duración tamén será supeior.
A cualificación para ser apto no módulo deberá ser igual ou superior a 5 puntos.
Será aplicable a este exame as normas de actuación detalladas no apartado de criterios de avaliación.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Algúns dos obxectivos do plan de reforzo serán:
1. Consolidar os coñecementos básicos necesarios para superar o módulo.
2. Desenvolver competencias prácticas nas áreas de maior dificultade, como dereitos laborais, seguridade e saúde no traballo ou o proceso de procura de emprego.
3. Fomentar hábitos de estudo eficaces e a aplicación práctica dos contidos do módulo.
4. Garantir o cumprimento dos requisitos de avaliación establecidos.
As estratexias de reforzo estarán centradas nos contidos do módulo e na revisión e explicación detallada dos contidos máis problemáticos.
Algunha de elas serán as seguintes:
- Adaptarase o material didáctico na medida do posible mediante resumos simplificados dos temas principais e a facilitación de recursos audiovisuais para facer máis compresible os contidos.
- Individualizarase o seguimento na medida do posible tendo en conta os recursos como son a capacidade e o tempo dispoñible e daráselle retroalimentación ó alumno/a para reforzar logros e identificar puntos de mellora.
- Adaptaranse os tempos para a realización das probas no caso de ser necesario
As medidas sinaladas con anterioridade serán aplicadas sempre e cando o alumno en cuestión informe cun tempo oportuno para que sexa factible a adaptación da súa avaliación.

8.1. Programación da educación en valores.

A programación da educación en valores en IPE II integrará actividades e estratexias orientadas ao desenvolvemento de competencias transversais vinculadas á responsabilidade profesional, á ética e á sustentabilidade. Estes aspectos abordaranse de maneira práctica, reflexiva e aplicada ao contexto laboral galego.
Os valores traballados incluirán os seguintes:

1. Responsabilidade profesional: promoverase o cumprimento rigoroso das obrigas laborais mediante análise de situacións reais, toma de decisións fundamentadas e reflexión sobre as consecuencias dunha práctica profesional pouco responsable.
2. Ética e integridade: desenvolveranse actividades que permitan identificar dilemas éticos habituais no ámbito profesional e valorar respostas baseadas na honestidade, na transparencia e no respecto ás normas.
3. Sustentabilidade ambiental e economía verde: incorporaranse dinámicas que axuden a comprender o impacto ambiental das actividades profesionais e a promover prácticas sostibles.
4. Respeto e comunicación cordial: traballarase a importancia dunha comunicación respectuosa, clara e empática como base das relacións laborais saudables.
5. Autonomía e iniciativa responsable: promoverase a capacidade de xestionar tarefas de forma autónoma combinada cun exercicio responsable da iniciativa persoal.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

No caso deste tipo de modalidade non procede a participación nas actividades complementarias ou extraescolares.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

1. Avaliación da propia práctica docente
O seguimento da programación é fundamental para garantir que o plan establecido se cumpre de maneira efectiva e axustada ás necesidades do grupo.
Realizarase unha revisión periódica da consecución dos obxectivos propostos e mantéñase un rexistro das unidades didácticas impartidas e do ritmo de ensino, permitindo axustes cando sexa necesario. Ademais, utilizaranse ferramentas dixitais, como a aula virtual,que resultan moi útiles para seguir o progreso dos estudantes e facilitar a entrega de materiais de forma áxil e eficiente.
Reflexionar sobre a propia práctica docente é esencial para mellorar continuamente a nosa labor. A avaliación e a autoavaliación son claves neste proceso. Tras cada unidade ou trimestre, realizarase unha autoavaliación do traballo docente, cuestionando qué funcionou ben, qué non, qué se podería mellorar e qué recursos foron máis efectivos. A partir destas reflexións, establecerase un plan de mellora, incorporando posibles cambios. Por exemplo, se as clases son demasiado teóricas e os estudantes non están suficientemente comprometidos, propoñerase incorporar máis actividades prácticas ou dinámicas de grupo que fomenten a participación activa.
Ademais, avaliarase o uso de recursos e materiais, asegurándose de que estes sexan apropiados para os contidos e o nivel dos estudantes, que sexan accesibles para todos e que fomenten a participación e a motivación.
2.Axustes e adaptacións
É clave que, tanto no seguimento da programación como na avaliación da práctica docente, calquera cambio necesario sexa realizado de maneira flexible. Se algún aspecto da programación non está a funcionar como se esperaba, é importante que se realicen os axustes necesarios, adaptando a planificación para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe no curso seguinte. A reflexión constante permitirá que se realicen melloras a tempo.
3. Plan de acción para a mellora continua
A partir da avaliación da práctica docente e do seguimento da programación, elaborarase un plan de acción que inclúa as seguintes fases: primeiro, realizarase un diagnóstico para identificar as áreas que necesitan mellora; despois, definirase un conxunto de metas claras e alcanzables; a continuación, estableceranse as accións necesarias para alcanzar esas metas; finalmente, realizarase unha avaliación periódica dos avances e, de ser necesario, axustarase o plan de acción para optimizar os resultados.
En resumo, o proceso de avaliación será continuo, reflexivo e flexible, co obxectivo de mellorar a práctica docente e ofrecer unha ensinanza máis efectiva e adaptada ás necesidades dos meus estudantes.
4. Periodicidade e lugar de recollida do seguimento
Mensualmente, este seguimento quedará recollido na aplicación Proens, onde se indicarán, de ser necesario, as modificacións efectuadas.O seguimento da programación é fundamental para garantir que o plan establecido se cumpre de maneira efectiva e axustada ás necesidades do grupo.

11.1. Outros apartados.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D3ADG000100 - Administración e finanzas	A

Módulo
MP0649 - Ofimática e proceso da información (1º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime modular	Distancia	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
9	237	50	284	284

Profesorado responsable

Docentes
Cibeira Nogueira, María Sonia

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 4

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 13

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 35

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 35

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 36

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 36

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 36

8.1. Programación da educación en valores. 36

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 37

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 37

11.1. Outros apartados. 37

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

A estrutura empresarial do entorno produtivo do IES Luis Seoane en Pontevedra, está formada fundamentalmente por pequenas e medianas empresas do sector servizos nas que se realizan todas as funcións de carácter administrativo, polo que o currículo adáptase ás necesidades deste tipo de empresas, que demandan profesionais de grao superior cunha formación ampla e que contemple todos os ámbitos funcionais da empresa.
O obxectivo desta programación é procurarlle as ferramentas informáticas necesarias aos técnicos superiores en Administración e Finanzas, para que sexan quen de organizar e realizar os procedementos administrativos propios dunha empresa utilizando programas, equipos e soportes informáticos específicos da xestión administrativa.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Operatoria de teclados.	Coñecemento do teclado e introdución de textos e caracteres alfanuméricos por medio do teclado dun ordenador empregando adecuadamente os dez dedos e sen mirar ao teclado.	10	62
2	informática básica.	Coñecemento dos elementos de hardware e de software. Tipos de aplicacións informáticas. Sistema operativo Windows 11. Descarga, instalación, configuración e actualización de aplicacións e programas.Tipos de redes. Protocolos de comunicación. Instalación e configuración dunha rede local.	5	15
3	Procesadores de texto.	Elaboración de todo tipo de documentos utilizando as distintas opcións e prestacións do procesador de textos Word 2016.	25	54
4	Follas de cálculo.	Elaboración de follas de cálculo que dean resposta as necesidades típicas dunha empresa utilizando o programa Excel 2016.	25	54
5	Xestión de arquivos e procura de información.	Coñecemento e utilización de internet e navegadores na procura de información. Importación e exportación de información. Ferramentas web 2.0: blogs, wikies, servizos de aloxamento de vídeos e imaxes, redes sociais etc. Comprensión/descomprensión de ficheiros. Integración de ficheiros de distintas aplicacións. Arquivo informático: técnicas de arquivo e xestión documental.	5	18
6	Xestión de correo e axenda electrónica.	Utilización de aplicacións de correo electrónico. Xestión, organización e rexistro dos correos electrónicos. Coñecemento das funcións e utilidades da axenda electrónica.	5	9
7	Bases de datos.	Elaboración de bases de datos adaptadas as necesitades dunha pequena empresa utilizando Access 2016.	15	36
8	Xestión e integración de arquivos audiovisuais.	Obtención de arquivos audiovisuais e manipulación dos mesmos. Exportación de arquivos. Integración de arquivos de distintas aplicacións.	5	18
9	Presentacións multimedia.	Elaboración de presentacións multimedia utilizando o programa PowerPoint 2016.	5	18

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Operatoria de teclados.	62

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Procesa textos alfanuméricos nun teclado estendido aplicando as técnicas mecanográficas.		
CA2.1 - Organizáronse os elementos e os espazos de traballo.	TO	2
CA2.2 - Mantívose a posición corporal correcta.	TO	2
CA2.3 - Identificouse a posición correcta dos dedos nas ringleiras do teclado alfanumérico.	TO	2
CA2.4 - Precisáronse os requisitos básicos dun equipamento informático e as funcións de posta en marcha do terminal informático.	TO	2
CA2.5 - Empregáronse coordinadamente as ringleiras do teclado alfanumérico e as teclas de signos e puntuación.	PE	10
CA2.6 - Utilizouse o método de escritura ao tacto en parágrafos de dificultade progresiva e en táboas sinxelas.	PE	20
CA2.7 - Utilizouse o método de escritura ao tacto para realizar textos nas linguas propias e en linguas estranxeiras.	PE	10
CA2.8 - Controlouse a velocidade (mínimo de 350 ppm) e a precisión (máximo dunha falta por minuto), coa axuda dun programa informático.	PE	45
CA2.9 - Aplicáronse as normas de presentación dos documentos de texto.	PE	2
CA2.10 - Localizáronse e corrixíronse os erros mecanográficos, ortográficos e sintácticos.	PE	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Procesamento de textos alfanuméricos en teclados estendidos
Postura corporal ante o terminal.
Requisitos básicos e posta en marcha dun terminal informático.
Colocación dos dedos.
Desenvolvemento da destreza mecanográfica de escritura ao tacto:

Contidos
· Escrita de palabras simples.
· Escrita de palabras de dificultade progresiva.
· Maiúsculas, numeración e signos de puntuación.
· Copia de textos con velocidade controlada.
· Escritura de textos nos idiomas propios e en idiomas estranxeiros.
Corrección de erros.

UD	Título da UD	Duración
2	informática básica.	15

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Mantén en condicións óptimas de funcionamento os equipamentos, as aplicacións e a rede, instalando e actualizando os compoñentes de hardware e software necesarios.		
CA1.1 - Realizáronse probas de funcionamento dos equipamentos informáticos.	PE	10
CA1.2 - Comprobáronse as conexións dos portos de comunicación.	PE	10
CA1.3 - Identificáronse os elementos básicos (de hardware e software) dun sistema en rede.	PE	10
CA1.4 - Caracterizáronse os procedementos xerais de operacións nun sistema de rede.	PE	10
CA1.5 - Utilizáronse as funcións básicas do sistema operativo.	PE	30
CA1.6 - Aplicáronse medidas de seguridade e confidencialidade, identificando o programa tornalumes e o antivirus.	PE	10
CA1.7 - Compartiuse información con outros usuarios da rede.	PE	10
CA1.8 - Executáronse funcións básicas de usuario (conexión, desconexión, óptimo aproveitamento do espazo de almacenamento, utilización de periféricos, comunicación con outros usuarios, conexión con outros sistemas ou redes, etc.).	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Mantemento básico dos equipamentos, as aplicacións e a rede

Contidos
Elementos de hardware.
Periféricos de entrada: teclados, escáner, etc.
Elementos de software: Programas para o procesamento da información (recoñecemento de voz). Software libre e software propietario.
Sistemas operativos: funcións básicas.
Redes locais: compoñentes, configuracións principais, compartición e actualización de recursos.
Descarga, instalación, configuración e actualización de aplicacións, programas e utilidades a través de soportes físicos e da rede.

UD	Título da UD	Duración
3	Procesadores de texto.	54

Criterios de avaliación	IA	%
RA5 - Elabora documentos de textos, utilizando as opcións avanzadas dun procesador de textos.		
CA5.1 - Utilizáronse funcións, prestacións e procedementos dos procesadores de textos e autoedición.	PE	60
CA5.2 - Identificáronse as características de cada tipo de documento.	PE	5
CA5.3 - Redactáronse documentos de texto coa destreza adecuada e aplicando as normas de estrutura.	PE	5
CA5.4 - Confeccionáronse patróns adaptados aos documentos administrativos tipo, incluíndo utilidades de combinación.	PE	10
CA5.5 - Integráronse obxectos, gráficos, táboas, follas de cálculo, hiperligazóns, etc.	PE	5
CA5.6 - Detectáronse e corrixíronse os erros cometidos.	PE	5
CA5.7 - Recuperouse e utilizouse a información almacenada.	PE	5
CA5.8 - Utilizáronse as funcións e as utilidades que garantan as normas de seguridade, integridade e confidencialidade dos datos.	PE	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Creación de documentos con procesadores de texto

Contidos
Estrutura e funcións.
Instalación e carga.
Deseño de documentos e patróns.
Edición de textos e táboas.
Verificación ortográfica.
Combinación de documentos.
Xestión de ficheiros.
Impresión de textos.
Relacións con outras aplicacións: importación e exportación; conversión a PDF.
Traballo en grupo: comparar documentos, versións de documento, verificar cambios, etc.
Opcións avanzadas: Automatización de procesos: macros. Recoñecemento óptico de caracteres. Utilización de software e hardware para introducir textos e imaxes.

UD	Título da UD	Duración
4	Follas de cálculo.	54

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Elabora follas de cálculo adaptadas ás necesidades que se presenten no tratamento da información, aplicando as opcións avanzadas.		
CA4.1 - Utilizáronse as prestacións da folla de cálculo para realizar xestións de tesouraría, cálculos comerciais e outras operacións administrativas.	PE	20
CA4.2 - Deseñáronse e elaboráronse documentos coa folla de cálculo.	PE	30
CA4.3 - Relacionáronse e actualizáronse follas de cálculo.	PE	3
CA4.4 - Creáronse e aniñáronse fórmulas e funcións.	PE	10
CA4.5 - Establecéronse contrasinais para protexer celas, follas e libros.	PE	3
CA4.6 - Obtivéronse gráficos para a análise da información.	PE	10
CA4.7 - Empregáronse macros para a realización de documentos e patróns.	PE	10
CA4.8 - Importáronse e exportáronse follas de cálculo creadas con outras aplicacións e outros formatos.	PE	1

Criterios de avaliación	IA	%
CA4.9 - Utilizouse a folla de cálculo como base de datos (formularios, creación de listas, filtraxe, e protección e ordenación de datos).	PE	10
CA4.10 - Utilizáronse aplicacións e periféricos para introducir textos, números, códigos e imaxes.	PE	3

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Elaboración de follas de cálculo
Estrutura e funcións.
Instalación e carga de follas de cálculo.
Deseño.
Edición de follas de cálculo.
Gráficos.
Tratamento de datos.
Outras utilidades.
Xestión de arquivos.
Automatización de procesos nas follas de cálculo. Macros.
Impresión de follas de cálculo.
Relacións con outras aplicacións: importación e exportación.
Utilización de opcións de traballo en grupo, control de versións, verificación de cambios, etc.

UD	Título da UD	Duración
5	Xestión de arquivos e procura de información.	18

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Xestiona os sistemas de arquivos buscando e seleccionando con medios convencionais e informáticos a información necesaria.		
CA3.1 - Detectáronse necesidades de información.	PE	5
CA3.2 - Identificáronse as fontes de obtención de información e establecéronse prioridades.	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.3 - Elixíronse buscadores en intranet e en internet segundo criterios de rapidez e de opcións de procura.	PE	10
CA3.4 - Empregáronse ferramentas web 2.0 para obter e producir información.	PE	10
CA3.5 - Utilizáronse os criterios de procura para restrinxir o número de resultados que se obteñan.	PE	10
CA3.6 - Aplicáronse sistemas de seguridade, protección, confidencialidade e restrición da información.	PE	10
CA3.7 - Canalizouse a información obtida, arquivándoa e/ou rexistrándoa, de ser o caso.	PE	10
CA3.8 - Organizáronse os ficheiros para facilitar a procura posterior.	PE	10
CA3.9 - Actualizouse a información necesaria.	PE	10
CA3.10 - Cumpríronse os prazos previstos.	PE	5
CA3.11 - Realizáronse copias dos ficheiros.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Xestión de ficheiros e procura de información
Internet e navegadores.
Utilidade dos navegadores.
Descarga e instalación de aplicacións, programas e utilidades a través da web.
Ferramentas web 2.0: blogs, wikies, servizos de aloxamento de vídeos e imaxes, redes sociais, etc.
Comprensión e descompresión de ficheiros.
Buscadores de información.
Importación e exportación da información.
Técnicas de arquivamento.
Arquivo informático: xestión documental.

UD	Título da UD	Duración
6	Xestión de correo e axenda electrónica.	9

Criterios de avaliación	IA	%
RA8 - Xestiona o correo e a axenda electrónica utilizando aplicacións específicas.		
CA8.1 - Utilizouse a aplicación de correo electrónico.	PE	10
CA8.2 - Identificouse o emisor, o destinatario e o contido nunha mensaxe de correo.	PE	10
CA8.3 - Aplicáronse filtros de protección de correo non desexado.	PE	10
CA8.4 - Canalizóuselles a información a todos os implicados.	PE	10
CA8.5 - Comprobouse a recepción da mensaxe.	PE	10
CA8.6 - Organizáronse as bandexas de entrada e saída.	PE	10
CA8.7 - Rexistrouse a entrada e a saída de correos.	PE	10
CA8.8 - Imprimíronse, arquiváronse ou eliminároNse as mensaxes de correo.	PE	10
CA8.9 - Aplicáronse as funcións e as utilidades que ofrece a axenda electrónica como método de organización do departamento.	PE	10
CA8.10 - Conectáronse e sincronizáronse axendas do equipamento informático con dispositivos móbiles.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC8 - Xestión de correo e axenda electrónica
Tipos de contas de correo electrónico.
Contorno de traballo: configuración e personalización.
Patróns e sinatura corporativas.
Foros de noticias (news): configuración, uso e sincronización de mensaxes. Caderno de enderezos: importar, exportar, engadir contactos, crear listas de distribución e pór a lista á disposición doutras aplicacións ofimáticas.
Xestión de correos: enviar, borrar, gardar, copias de seguridade, etc. Configuración das opcións de seguimento.

Contidos
Xestión da axenda: citas, calendario, avisos, tarefas, etc.
Sincronización con dispositivos móbiles.
Xestión de ficheiros e seguridade das aplicacións de correo e axenda electrónica. Filtros.

UD	Título da UD	Duración
7	Bases de datos.	36

Criterios de avaliación	IA	%
RA6 - Utiliza sistemas de xestión de bases de datos adaptadas ás necesidades que se presenten no tratamento da información administrativa, aplicando as opcións avanzadas.		
CA6.1 - Ordenáronse e clasificáronse os datos das bases de datos para presentar a información.	PE	5
CA6.2 - Realizáronse consultas de bases de datos con criterios precisos.	PE	20
CA6.3 - Realizáronse informes de bases de datos con criterios precisos.	PE	15
CA6.4 - Realizáronse formularios con criterios precisos.	PE	15
CA6.5 - Actualizáronse, fusionáronse e eliminároнse rexistros das bases de datos.	PE	10
CA6.6 - Relacionáronse as bases de datos con outras aplicacións informáticas para desenvolver as actividades que así o requiran.	PE	5
CA6.7 - Protexéronse as bases de datos establecendo niveis de seguridade.	PE	5
CA6.8 - Elaborouse unha base de datos adaptada aos requisitos da organización.	PE	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC6 - Utilización de bases de datos para o tratamento da información administrativa
Estrutura e funcións dunha base de datos.
Tipos de bases de datos.
Deseño dunha base de datos.

Contidos
Utilización dunha base de datos.
Relación con outras aplicacións.
Impresión.

UD	Título da UD	Duración
8	Xestión e integración de arquivos audiovisuais.	18

Criterios de avaliación	IA	%
RA7 - Xestiona integradamente a información proveniente de diversas aplicacións, así como ficheiros audiovisuais, utilizando programas e periféricos específicos.		
CA7.1 - Xestionáronse de xeito integrado bases de datos, textos, imaxes, etc., importando e exportando datos provenientes de follas de cálculo e obtendo documentos compostos de todas estas posibilidades.	PE	10
CA7.2 - Seleccionáronse arquivos audiovisuais de fontes externas e elixiuse o formato óptimo destes.	PE	5
CA7.3 - Creouse e mantívose un banco propio de recursos audiovisuais.	PE	5
CA7.4 - Personalizáronse os ficheiros audiovisuais en función do obxectivo do documento que se queira obter.	PE	70
CA7.5 - Respectouse a lexislación específica en materia de protección de ficheiros audiovisuais.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC7 - Xestión integrada de ficheiros
Ficheiros integrados por varias aplicacións: folla de cálculo, base de datos, procesador de textos, gráficos, etc.
Gravación, transmisión, percepción e comprensión: dispositivos de captación e reprodución.
Contido visual e sonoro.
Obxectivo da comunicación dos contidos.
Inserción noutros medios ou documentos.
Obsolescencia e actualización.

UD	Título da UD	Duración
9	Presentacións multimedia.	18

Criterios de avaliación	IA	%
RA9 - Elabora presentacións multimedia de documentos e informes utilizando aplicacións específicas.		
CA9.1 - Realizouse a análise e a selección da información que se queira incluír.	PE	5
CA9.2 - Inseríronse obxectos (táboas, gráficos, follas de cálculo, fotos, debuxos, organigramas, arquivos de son e vídeo, etc.).	PE	30
CA9.3 - Distribuíuse a información de xeito claro e estruturado.	PE	10
CA9.4 - Animáronse os obxectos segundo o obxectivo da presentación.	PE	20
CA9.5 - Creáronse presentacións para acompañar exposicións orais.	PE	15
CA9.6 - Realizáronse presentacións relacionadas con informes ou documentación empresarial.	PE	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC9 - Elaboración de presentacións
Estrutura e funcións.
Instalación e carga.
Procedemento de presentación.
Utilidades da aplicación.
Procedemento de protección de datos: copias de seguridade.
Relacións con outras aplicacións.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	Operatoria de teclados.	62

	Actividade	Descrición	Duración
1	Iniciación a escritura mecanográfica.	O espazo de traballo. Postura corporal. Colocación das mans no teclado e distribución do teclado entre os distintos dedos. Coñecemento do teclado. Instrucións para traballar co programa Mecanet. Exercicios de iniciación para o coñecemento das filas normal, superior e inferior do teclado.	18

Criterios de avaliación

RA2 - Procesa textos alfanuméricos nun teclado estendido aplicando as técnicas mecanográficas.

CA2.1 - Organizáronse os elementos e os espazos de traballo.

CA2.2 - Mantívose a posición corporal correcta.

CA2.3 - Identificouse a posición correcta dos dedos nas ringleiras do teclado alfanumérico.

CA2.4 - Precisáronse os requisitos básicos dun equipamento informático e as funcións de posta en marcha do terminal informático.

CA2.5 - Empregáronse coordinadamente as ringleiras do teclado alfanumérico e as teclas de signos e puntuación.

Contidos

BC2 - Procesamento de textos alfanuméricos en teclados estendidos

C2.1 - Postura corporal ante o terminal.

C2.2 - Requisitos básicos e posta en marcha dun terminal informático.

C2.3 - Colocación dos dedos.

Obxectivos específicos

1.1 Organizar o espazo de traballo e poñer en marcha o terminal informático adoptando a postura correcta durante o seu manexo.

1.2 Colocar as mans correctamente ao facer os exercicios e escribir sen mirar para o teclado..

Resultados ou produtos

- O alumnado adopta unha postura correcta mentres utiliza o ordenador e organiza adecuadamente o espazo de traballo.
- O alumnado comprende a necesidade dunha correcta colocación dos dedos para conseguir velocidade na escritura.
- Exercicios de iniciación ao teclado realizados correctamente.

Recursos específicos

Ordenador con aplicación de mecanografía (Mecanet ou similar).

	Actividade	Descrición	Duración
2	Desenvolvemento da destreza mecanográfica.	Realización de exercicios de dificultade progresiva: escritura de palabras e frases, escritura de textos alfanuméricos, escritura de textos con velocidade controlada, escritura de textos noutros idiomas. Corrección de erros e malos hábitos.	44

Criterios de avaliación

RA2 - Procesa textos alfanuméricos nun teclado estendido aplicando as técnicas mecanográficas.

CA2.6 - Utilizouse o método de escritura ao tacto en parágrafos de dificultade progresiva e en táboas sinxelas.

CA2.7 - Utilizouse o método de escritura ao tacto para realizar textos nas linguas propias e en linguas estranxeiras.

CA2.8 - Controlouse a velocidade (mínimo de 350 ppm) e a precisión (máximo dunha falta por minuto), coa axuda dun programa informático.

CA2.9 - Aplicáronse as normas de presentación dos documentos de texto.

CA2.10 - Localizáronse e corrixíronse os erros mecanográficos, ortográficos e sintácticos.

Contidos

BC2 - Procesamento de textos alfanuméricos en teclados estendidos

C2.4 - Desenvolvemento da destreza mecanográfica de escritura ao tacto:

C2.5 - · Escrita de palabras simples.

C2.6 - · Escrita de palabras de dificultade progresiva.

C2.7 - · Maiúsculas, numeración e signos de puntuación.

C2.8 - · Copia de textos con velocidade controlada.

C2.9 - · Escritura de textos nos idiomas propios e en idiomas estranxeiros.

C2.10 - Corrección de erros.

Obxectivos específicos

2.1 Escribir textos usando todo o teclado alfanumérico e signos de puntuación cunha velocidade mínima de 350 ppm.

2.2 Aplicar as normas de presentación establecidas para os distintos tipos de documentos de texto e correxir os erros mecanográficos, ortográficos e sintácticos

Resultados ou produtos

Textos escritos cunha velocidade mínima de 350 ppm, sen erros e cunha presentación adecuada.

Recursos específicos

Ordenador con aplicación de mecanografía (Mecanet ou similar).

UD	Título da UD	Duración
2	informática básica.	15

	Actividade	Descrición	Duración
1	Elementos básicos dun ordenador.	Elementos de hardware. Periféricos de entrada e saída. Conexión dos periféricos coa CPU. Tipos de software. Instalación e actualización de software.	5

Criterios de avaliación

RA1 - Mantén en condicións óptimas de funcionamento os equipamentos, as aplicacións e a rede, instalando e actualizando os compoñentes de hardware e software necesarios.

CA1.1 - Realizáronse probas de funcionamento dos equipamentos informáticos.

CA1.2 - Comprobáronse as conexións dos portos de comunicación.

CA1.3 - Identificáronse os elementos básicos (de hardware e software) dun sistema en rede.

CA1.8 - Executáronse funcións básicas de usuario (conexión, desconexión, óptimo aproveitamento do espazo de almacenamento, utilización de periféricos, comunicación con outros usuarios, conexión con outros sistemas ou redes, etc.).

Contidos

BC1 - Mantemento básico dos equipamentos, as aplicacións e a rede

C1.1 - Elementos de hardware.

C1.2 - Periféricos de entrada: teclados, escáner, etc.

C1.3 - Elementos de software: Programas para o procesamento da información (recoñecemento de voz). Software libre e software propietario.

C1.6 - Descarga, instalación, configuración e actualización de aplicacións, programas e utilidades a través de soportes físicos e da rede.

Obxectivos específicos

1.1 Coñecer os elementos de hardware e de software dun ordenador.

1.2 Resolver problemas de funcionamento dos equipamentos informáticos.

1.3 Instalar e actualizar correctamente programas e aplicacións informáticas.

Resultados ou produtos

- O alumnado identifica e instala os distintos elementos de hardware e de software dos equipamentos informáticos e soluciona os problemas de funcionamento que se presentan.

Recursos específicos

Ordenador con acceso a internet e diversos periféricos de entrada e saída.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Sistemas operativos. Windows 10 ou versións posteriores. Seguridade.	Tipos de sistemas operativos. Funcións básicas dun sistema operativo. Aspectos xerais de funcionamento con Windows 10 ou versións posteriores. Medidas de seguridade: tornalumes e antivirus.	5

Criterios de avaliación

RA1 - Mantén en condicións óptimas de funcionamento os equipamentos, as aplicacións e a rede, instalando e actualizando os compoñentes de hardware e software necesarios.

CA1.5 - Utilizáronse as funcións básicas do sistema operativo.

CA1.6 - Aplicáronse medidas de seguridade e confidencialidade, identificando o programa tornalumes e o antivirus.

Contidos

BC1 - Mantemento básico dos equipamentos, as aplicacións e a rede

C1.4 - Sistemas operativos: funcións básicas.

Obxectivos específicos

2.1 Coñecer o entorno de traballo de Windows 10 ou versións posteriores

2.2 Manexar as funcións básicas de Windows 10 ou versións posteriores

2.3 Aplicar medidas de seguridade utilizando tornalumes e antivirus.

Resultados ou produtos

Correcto e axeitado traballo como usuario e administrador en rede coñecendo as distintas opcións de Windows e aplicando medidas de seguridade.

Recursos específicos

Ordenador en rede.

	Actividade	Descrición	Duración
3	Redes locais.	Tipos de redes. Compoñentes dun sistema en rede. Protocolos de comunicación. Configuración dunha rede. Compartición de recursos.	5

Criterios de avaliación

RA1 - Mantén en condicións óptimas de funcionamento os equipamentos, as aplicacións e a rede, instalando e actualizando os compoñentes de hardware e software necesarios.

CA1.4 - Caracterizáronse os procedementos xerais de operacións nun sistema de rede.

CA1.7 - Compartiuse información con outros usuarios da rede.

Contidos

BC1 - Mantemento básico dos equipamentos, as aplicacións e a rede

C1.5 - Redes locais: compoñentes, configuracións principais, compartición e actualización de recursos.

Obxectivos específicos
3.1 Identificar os elementos dun sistema en rede.
3.2 Configurar e manexar un sistema en rede.
3.3 Compartir información e recursos con outros usuarios.
Resultados ou produtos
Correcta configuración dunha rede de maneira que se poidan compartir recursos e realización das operacións básicas relativas a unha rede local.
Recursos específicos
Ordenador en rede.

UD	Título da UD	Duración
3	Procesadores de texto.	54

	Actividade	Descrición	Duración
1	Introdución ao traballo con procesadores de texto. Aspectos xerais do procesador de textos Word 2016 ou versións posteriores.	Entorno de traballo con procesadores de textos: estrutura, funcións e aspectos xerais de traballo. Xestión de ficheiros. Seguridade: cifrar documentos e restricción de permisos. Impresión de documentos. Conversión a PDF. Importar/exportar con outras aplicacións.	9

Criterios de avaliación

RA5 - Elabora documentos de textos, utilizando as opcións avanzadas dun procesador de textos.

CA5.2 - Identifícaronse as características de cada tipo de documento.

CA5.3 - Redactáronse documentos de texto coa destreza adecuada e aplicando as normas de estrutura.

CA5.8 - Utilizáronse as funcións e as utilidades que garantan as normas de seguridade, integridade e confidencialidade dos datos.

Contidos

BC5 - Creación de documentos con procesadores de texto

C5.1 - Estrutura e funcións.

C5.2 - Instalación e carga.

C5.3 - Deseño de documentos e patróns.

C5.8 - Impresión de textos.

C5.9 - Relacións con outras aplicacións: importación e exportación; conversión a PDF.

Obxectivos específicos

1.1 Coñecer os aspectos xerais dun procesador de textos. Programas Microsoft Word, Writer de Open Office e outros.

1.2 Personalizar o entorno de traballo do procesador de textos Word 2016 de Microsoft ou versións posteriores.

1.3 Realizar operacións básicas con documentos: abrir, gardar e imprimir; introducir texto e imaxes; moverse a través do documento seleccionar, copiar, cortar e pegar.

1.4 Manexar a axuda dos procesadores de texto.

Resultados ou produtos

Utilización das funcións, prestacións e procedementos dos procesadores de textos Word 2016 ou versións posteriores, asi como as funcións e utilidades que garanten as normas de seguridade, integridade e confidencialidade dos datos.

Recursos específicos

Ordenador con software de procesadores de texto. Programa Microsoft Office 2016 ou versión posterior.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Operacións básicas na edición de textos e opcións de traballo en grupo. Edición de textos con Word 2016 ou versións posteriores.	Opcións de formato de texto. Opcións de deseño de páxina. Inserción de elementos (táboas, imaxes, encabezados/pés de páxina...). Táboas de contido, notas, comentarios, revisión de documentos, Combinación de correspondencia, macros, plantillas e formularios. Comparar documentos, versións de documentos, verificación de cambios...	45

Criterios de avaliación

RA5 - Elabora documentos de textos, utilizando as opcións avanzadas dun procesador de textos.

CA5.1 - Utilizáronse funcións, prestacións e procedementos dos procesadores de textos e autoedición.

CA5.4 - Confeccionáronse patróns adaptados aos documentos administrativos tipo, incluíndo utilidades de combinación.

CA5.5 - Integráronse obxectos, gráficos, táboas, follas de cálculo, hiperligazóns, etc.

CA5.6 - Detectáronse e corrixíronse os erros cometidos.

CA5.7 - Recuperouse e utilizouse a información almacenada.

Contidos

BC5 - Creación de documentos con procesadores de texto

C5.4 - Edición de textos e táboas.

C5.5 - Verificación ortográfica.

C5.6 - Combinación de documentos.

C5.7 - Xestión de ficheiros.

C5.10 - Traballo en grupo: comparar documentos, versións de documento, verificar cambios, etc.

C5.11 - Opcións avanzadas: Automatización de procesos: macros. Recoñecemento óptico de caracteres. Utilización de software e hardware para introducir textos e imaxes.

Obxectivos específicos

2.1 Deseñar e elaborar documentos con Microsoft Word utilizando as opcións de que dispoñen.

2.2 Personalizar a visualización o documento, así como da maneira de traballar con varias ventanas (dividir, organizar, ver en paralelo...).

2.3 Saber utilizar as opcións de traballo en grupo.

Resultados ou produtos

O alumnado deseña e elabora documentos complexos con Microsoft Word utilizando todas as opcións de que dispón o procesador de textos.

Recursos específicos
Ordenador con software de procesadores de texto. Programa Microsoft Office 2016 ou versión posterior.

UD	Título da UD	Duración
4	Follas de cálculo.	54

	Actividade	Descrición	Duración
1	Aspectos xerais do traballo con follas de cálculo e elaboración de documentos. Excel 2016 ou versións posteriores.	Entorno de traballo e elaboración de documentos utilizando as distintas funcións das follas de cálculo. Funcións de Excel 2016 ou versións posteriores.	54

Criterios de avaliación

RA4 - Elabora follas de cálculo adaptadas ás necesidades que se presenten no tratamento da información, aplicando as opcións avanzadas.

CA4.1 - Utilizáronse as prestacións da folla de cálculo para realizar xestións de tesouraría, cálculos comerciais e outras operacións administrativas.

CA4.2 - Deseñáronse e elaboráronse documentos coa folla de cálculo.

CA4.3 - Relacionáronse e actualizáronse follas de cálculo.

CA4.4 - Creáronse e aniñáronse fórmulas e funcións.

CA4.5 - Establecéronse contrasinais para protexer celas, follas e libros.

CA4.6 - Obtivéronse gráficos para a análise da información.

CA4.7 - Empregáronse macros para a realización de documentos e patróns.

CA4.8 - Importáronse e exportáronse follas de cálculo creadas con outras aplicacións e outros formatos.

CA4.9 - Utilizouse a folla de cálculo como base de datos (formularios, creación de listas, filtraxe, e protección e ordenación de datos).

CA4.10 - Utilizáronse aplicacións e periféricos para introducir textos, números, códigos e imaxes.

Contidos

BC4 - Elaboración de follas de cálculo

C4.1 - Estrutura e funcións.

C4.2 - Instalación e carga de follas de cálculo.

C4.3 - Deseño.

C4.4 - Edición de follas de cálculo.

C4.5 - Gráficos.

C4.6 - Tratamento de datos.

C4.7 - Outras utilidades.

C4.8 - Xestión de arquivos.

C4.9 - Automatización de procesos nas follas de cálculo. Macros.

C4.10 - Impresión de follas de cálculo.

C4.11 - Relacións con outras aplicacións: importación e exportación.

C4.12 - Utilización de opcións de traballo en grupo, control de versións, verificación de cambios, etc.

Obxectivos específicos

1.1 Realizar operacións básicas de traballo con filas, columnas e follas.

1.2 Coñecer e deseñar fórmulas e funcións que permitan resolver situación no ámbito administrativo.

1.3 Insertar e usar táboas dinámicas, imaxes, formas, capturas, diagramas, gráficos, filtros, ecuacións, símbolos.

1.4 Deseñar e elaborar documentos en distintas vistas de libro e xanelas.

1.5 Traballar con follas de cáculo introducido distintos tipos de datos, utilizándoa como unha base de datos, importando/exportando follas de cálculo.

1.6 Relacionar e actualizar follas de cálculo.

1.7 Manexar opcións de análise de hipótese (administrar escearios, buscar obxectivoss) e previsións.

1.8 Elaborar e traballar con macros.

1.9 Coñecer as opcións de traballo en grupo e protexer os datos almacenados en follas de cálculo.

Resultados ou produtos

O alumnado é capaz de:
- Deseñar e elaborar follas de cálculo utilizando fórmulas e funcións, gráficos e macros.
- Utilizar a folla de cálculo como unha base de datos e importar/exportar follas de cálculo.
- Saber utilizar as opcións de traballo en grupo e protexer as celas, follas e libros.

Recursos específicos

Ordenador en rede con programas de folla de cálculo. Programa Microsoft Office Excel 2016 ou versións posteriores.

UD	Título da UD	Duración
5	Xestión de arquivos e procura de información.	18

	Actividade	Descrición	Duración
1	Procura de información	Internet e navegadores. Buscadores de información. Importación e exportación da información. Ferramentas web .Descarga e instalación de aplicacións, programas e utilidades a través da web.	9

Criterios de avaliación

RA3 - Xestiona os sistemas de arquivos buscando e seleccionando con medios convencionais e informáticos a información necesaria.

CA3.1 - Detectáronse necesidades de información.

CA3.2 - Identificáronse as fontes de obtención de información e establecéronse prioridades.

CA3.3 - Elixíronse buscadores en intranet e en internet segundo criterios de rapidez e de opcións de procura.

CA3.4 - Empregáronse ferramentas web 2.0 para obter e producir información.

CA3.5 - Utilizáronse os criterios de procura para restrinxir o número de resultados que se obteñan.

CA3.6 - Aplicáronse sistemas de seguridade, protección, confidencialidade e restrición da información.

Contidos

BC3 - Xestión de ficheiros e procura de información

C3.1 - Internet e navegadores.

C3.2 - Utilidade dos navegadores.

C3.3 - Descarga e instalación de aplicacións, programas e utilidades a través da web.

C3.4 - Ferramentas web 2.0: blogs, wikies, servizos de aloxamento de vídeos e imaxes, redes sociais, etc.

C3.6 - Buscadores de información.

C3.7 - Importación e exportación da información.

Obxectivos específicos

1.1 Saber utilizar internet para obter información: utilización dos navegadores e dos buscadores de información.

1.2 Utilizar ferramentas web 2.0: blogs, wikies, servizo de aloxamiento de vídeos e imaxes, redes sociais...

1.3 Descargar e instalar aplicacións, programas e utilidades a través da web.

1.4 Aplicar sistemas de seguridade, protección, confidencialidade e restrición da información.

Resultados ou produtos

O alumnado coñece, selecciona e utiliza as distintas técnicas de procura e compartición de información aplicando sistemas de seguridade, protección, confidencialidade e restrición da información

Recursos específicos

Equipamentos informáticos. Ordenador en rede con acceso a internet.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Xestión de ficheiros	Comprensión e descomprensión de ficheiros. Técnicas de arquivo. Arquivo informático. Integración de ficheiros procedentes de distintas aplicacións	9

Criterios de avaliación

RA3 - Xestiona os sistemas de arquivos buscando e seleccionando con medios convencionais e informáticos a información necesaria.

CA3.7 - Canalizouse a información obtida, arquivándoa e/ou rexistrándoa, de ser o caso.

CA3.8 - Organizáronse os ficheiros para facilitar a procura posterior.

CA3.9 - Actualizouse a información necesaria.

CA3.10 - Cumpríronse os prazos previstos.

CA3.11 - Realizáronse copias dos ficheiros.

Contidos

BC3 - Xestión de ficheiros e procura de información

C3.5 - Comprensión e descompresión de ficheiros.

C3.8 - Técnicas de arquivamento.

C3.9 - Arquivo informático: xestión documental.

Obxectivos específicos

2.1 Comprimir e descomprimir ficheiros.

2.2 Coñecer as técnicas de arquivo.

2.3 Saber integrar ficheiros procedentes de distintas aplicacións.

Resultados ou produtos

O alumnado realiza xestións básicas cos ficheiros aplicando técnicas de arquivo e xestión documental e xestiona de xeito integrado bases de datos, textos, imaxes, etc., importando e exportando datos e respectando a lexislación específica en materia de protección de ficheiros audiovisuais.

Recursos específicos

Ordenador en rede con acceso a internet.

UD	Título da UD	Duración
6	Xestión de correo e axenda electrónica.	9

	Actividade	Descrición	Duración
1	O correo electrónico	Tipos de contas de correo electrónico. Configuración e personalización do contorno de traballo. Patróns e sinatura corporativa. Foros de noticias. Caderno de enderezos. Xestión de correos.	4

Criterios de avaliación

RA8 - Xestiona o correo e a axenda electrónica utilizando aplicacións específicas.

CA8.1 - Utilizouse a aplicación de correo electrónico.

CA8.2 - Identificouse o emisor, o destinatario e o contido nunha mensaxe de correo.

CA8.4 - Canalizóuselles a información a todos os implicados.

CA8.5 - Comprobouse a recepción da mensaxe.

CA8.6 - Organizáronse as bandexas de entrada e saída.

CA8.7 - Rexistrouse a entrada e a saída de correos.

CA8.8 - Imprimíronse, arquiváronse ou eliminánronse as mensaxes de correo.

Contidos

BC8 - Xestión de correo e axenda electrónica

C8.1 - Tipos de contas de correo electrónico.

C8.2 - Contorno de traballo: configuración e personalización.

C8.3 - Patróns e sinatura corporativas.

C8.4 - Foros de noticias (news): configuración, uso e sincronización de mensaxes. Caderno de enderezos: importar, exportar, engadir contactos, crear listas de distribución e pór a lista á disposición doutras aplicacións ofimáticas.

C8.5 - Xestión de correos: enviar, borrar, gardar, copias de seguridade, etc. Configuración das opcións de seguimento.

Obxectivos específicos

1.1 Identificar os diversos tipos de contas de correo electrónico e describir os seus elementos.

1.2 Analizar as necesidades básicas de xestión do correo e configurar as contas.

1.3 Xestionar contas de correo electrónico: organizar as bandexas de entrada e saida, canalizar a información e rexistrar a entrada e saída de correos, imprimir, arquivar ou eliminar as mensaxes

1.4 Traballar con todas as opcións de xestión de correo electrónico e caderno de enderezos.

1.5 Identificar diversos métodos de sinaturas corporativas.

Resultados ou produtos

O alumnado xestiona adecuadamente as contas de correo electrónico.

Recursos específicos

Ordenador en rede con conexión a internet.

	Actividade	Descrición	Duración
2	A axenda electrónica	Xestión da axenda: citas, calendario, avisos, tarefas, etc...Sincronización con dispositivos móbiles.	3

Criterios de avaliación

RA8 - Xestiona o correo e a axenda electrónica utilizando aplicacións específicas.

CA8.9 - Aplicáronse as funcións e as utilidades que ofrece a axenda electrónica como método de organización do departamento.

CA8.10 - Conectáronse e sincronizáronse axendas do equipamento informático con dispositivos móbiles.

Contidos

BC8 - Xestión de correo e axenda electrónica

C8.6 - Xestión da axenda: citas, calendario, avisos, tarefas, etc.

C8.7 - Sincronización con dispositivos móbiles.

Obxectivos específicos

2.1 Xestionar a axenda electrónica.

2.2 Conectar e sincronizar axendas do equipamento informático con dispositivos móbiles.

Resultados ou produtos

O alumnado xestiona adecuadamente a axenda electrónica conectando e sincronizando axendas do equipamento informático con dispositivos móbiles.

Recursos específicos

Ordenador en rede con conexión a internet.

	Actividade	Descrición	Duración
3	Xestión de ficheiros e seguridade	Xestión de ficheiros e seguridade das aplicacións de correo e axenda electrónica. Filtros.	2

Criterios de avaliación

RA8 - Xestiona o correo e a axenda electrónica utilizando aplicacións específicas.

CA8.3 - Aplicáronse filtros de protección de correo non desexado.

Contidos **BC8 - Xestión de correo e axenda electrónica** C8.8 - Xestión de ficheiros e seguridade das aplicacións de correo e axenda electrónica. Filtros.
